



Tradicións e ritualidade arredor do enganido (anganido, asombramento, tangaraño) nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes

Isabel García Fernández

isagarfer290978@gmail.com

Xoán Carlos García Porral

xoancgp@gmail.com

Resumo. Enganido (anganido, asombramento, tangaraño) é, segundo do dicionario da RAG, unha enfermidade infantil debida a unha forte carencia de vitamina D, que se manifesta por deformacións e alteracións variadas do esqueleto. Raquitismo. Neste traballo recompílanse distintos rituais e experiencias de curación arredor desta doenza, mencionando, así mesmo, catro lugares aos que se acudía para superala. O traballo de campo realizouse nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

Abstract. Enganido (anganido, astonishment, tangaraño) is, according to the RAG dictionary, a childhood disease due to a severe deficiency of vitamin D, which is manifested by various deformities and alterations of the skeleton. Rickets. This work compiles different rituals and healing experiences around this disease, also mentioning four places that were used to overcome it. The field work was carried out in the counties of Deza and Tabeirós-Terra de Montes.

San Benito da Coba do Lobo
ten no cume un penedo furado,
de tan rara virtude ortopédeca,
que é o asombro do mundo cristiano.

-Ten conta, santiño,
do meu tangaraño:
doente cho deixo,
devólvemo sano.

Cando nace un miniño tolleito,
seus parentes oférceno ó santo,
e mitido nun queipo de vimio
alá o levan, á festa en chegando.

I esto dito tres veces a reo,
sin refolgo tomar nin descanso,
o coitado do entangarañado
queda xa desentangarañado.

I aos dous lados da boca da pena,
que lle colle dun lado a outro lado,
din a nai i a madriña do renco
pola gorxa de pedra pasándoo:

Do poema «Tangaraños»,
de M. Curros Enríquez en *Aires da Miña Terra*

O enganido (anganido, asombramento, tangaraño) é, segundo o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (1958-1961), unha enfermidade infantil que se supón debida a desordes de nutrición, e que ataca os nenos debilitándoos e con-

sumíndoos ata deixalos extenuados. Pode equipararse á *consunción* e ao *raquitismo*. Segundo este autor:

Nuestras gentes campesinas creen que el *ENGANIDO* de los niños es producido por un *mal de ollo* o por una *meiga chuchona*, que le chupa la sangre a la criatura que padece la enfermedad. Contra ésta empleáronse procedimientos que vienen poniéndose en práctica desde épocas legendarias para combatirla o aminorar sus temidos efectos. Unas veces atan a la muñeca del niño varios amuletos, como un cuerno de *VACALOURA* o una *FIGA*; otras veces cuelgan del cuello de la criatura la llamada *bursa dos atavíos*, o cosen a las ropas una bolsita con unos papelitos en latín; otras veces queman en una *ENCRUCILLADA*, y en la noche de luna llena, un mechón de pelo del niño; otras veces pasan a éste por el hueco del tronco de algún *CARBALLO* dividido en dos partes que se forman cerca del suelo y vuelven a unirse antes de la copa, o por la hendedura especial que abren en un cerezo nuevo, dejando en uno y otro caso colgada del árbol la camisa del paciente; otras veces ligan bien los dos dedos gruesos de pies y manos del enfermo con una cinta, saliendo así de casa con el niño enclenque a un camino, después de las doce de la noche, para hacer que la primera persona que pase al despuntar la aurora corte las ligaduras, que han debido ser hechas por la propia madre del enfermo, la cual muestra éste al transeunte, diciéndole: *Homiño que vén á ventura, desenquirquilleme esta criatura*; y otras veces cuidan de que la persona que traiga el niño en brazos, si aún no anda, lleve una cabeza de ajo en el bolsillo, o meta el ajo en la *FALTRIQUEIRA* del atacado, para que a él no se acerquen las *MEIGAS*, causantes de esta enfermedad, que se cree debida a un poder maléfico. En la comarca de la Ulla levan al niño raquítico a la capilla de Gundián; y después de pasarlo por delante de la Virgen que allí se venera, lo lavan en una fuente que brota junto a la pequeña ermita, y hacen como *oferta* un donativo en especie, que suele consistir en tanta cantidad de trigo como pese el rapaz; y en la comarca orensana de la Arnoia creen que el *ENGANIDO* se cura atando de noche al que lo padece, a una cruz de madera que haya en alguna *ENCRUCILLADA*; y la primera persona que pase, debe cortar la atadura con un machado o cuchillo, todo ello sin que se hable una sola palabra.

Da mesma familia léxica é o verbo *enganirse*: «encajarse, debilitarse, perder las fuerzas físicas. Dícese más comúnmente de los niños y de las personas ancianas» [cfr. Eladio Rodríguez González (1958-1961)].

O dicionario da RAG define o enganido como enfermidade infantil debida a unha forte carencia de vitamina D, que se manifesta por deformacións e alteracións variadas do esqueleto. Raquitismo. Un sinónimo sería *engaraño*, que vai relacionado cos termos *tangaraño* (que é, na súa primeira acepción, considerado como un diaño

maligno que, segundo a crenza popular, ataca os nenos deixándoos raquíticos e deformes; nun segundo significado é unha enfermidade causada por este diaño), e *angaraño* (acción máxica que provoca algún acontecemento ou certos efectos nunha persoa, nun animal etc., polo xeral negativos, e que ten como sinónimo o termo meigallo).

I. Rituais de curación e crenzas arredor do «aire», o «asombramento» e o «enganido»

O alo de superstición sempre arrodeou a esta doenza do «mal de aire». Dela xa deu conta Lis Quibén cando dixo que:

(...) esta enfermedad, que no cabe duda alguna es la más rodeada de misterios en los medios aldeanos, la que más los ataca y más pavor les infunde, llegando en su curación a las maniobras más rídiculas y extravagantes, sin regatear medios, poniendo en ello una fe absoluta en relación con su ignorancia y sin darse cuenta de los enormes perjuicios morales y materiales que les ocasionan los curanderos, en cuyas manos se entregan para librarse de tan terrible mal. (...) Es de todas las enfermedades creadas por la fantasía popular la más extendida y vulgar (Lis 1949: 31).

Superstición ou non, e máis alá dos efectos perniciosos ou salvíficos dos rituais asociados a este mal, o que si está claro é que estes últimos formaron parte do imaxinario e da crenza popular do mundo rural nunha época na que os avances médicos e a súa divulgación non chegaban a todos os recunchos. E só por iso, ben merece a pena deixar constancia por escrito dos procederes e das xaculatorias usadas para conquistar a saúde física e anímica do/a doente por mal de aire, asombramento ou enganido.

1. Nas terras de Tabeirós, á hora de falar desta doenza cómpre citar ao Dr. Reimóndez Portela e a achega que este fixo sobre a mesma nun artigo titulado *Medicina popular en terras de Tabeirós* (Reimóndez 2001: 101-103). Nel define o asombramento como unha sombra ou efecto maléfico non concreto que envolve aos cativos arrebatándolles a saúde, e sumíndoos nunha profunda tristura na que o humor e a ledicia desaparecen do seu rostro, e nunha perda do apetito e consecuente adelgazamento. A principal fonte de contaxio é o aire

de animais (gatos, cans, gando vacún ou galiñas chocas¹), sen excluír as mulleres durante a menstruación, especialmente cos seus bicos. A súa diagnose efectúase mediante unha candeia bendicida polo día da Candeloria (2 de febreiro). Tómase un prato ou similar cheo de auga e sitúase enriba da cabeza do/a doente para ir vertendo sobre a auga nove gotas de cera que deben caer a modo. Esta manobra debe repetirse nove días seguidos, aínda que pode quedar reducido a un se este ritual se realiza un domingo antes de que se celebre a misa.

As gotas de cera ao caer na auga poden quedar separadas ou xuntarse formando un grupo, en cuxo caso se trataría con certeza dun asombramento. O tratamento tería que realizarse con auga limpa procedente dunha fonte que nunca secase e que fora recollida sen pronunciar palabra.

Mentres se quenta a auga, cóllense dez pallas de trigo cun nó cada unha delas. Desas dez, unha tírase por enriba da cabeza do curandeiro/a. Logo tómase unha candeia da Candeloria e pónselle lume a todas as pallas por un extremo (no caso de apagarse, préndense de novo). A cinsa bótase na auga xa morna engadíndolle nove gotas de cera da mesma candeia. Colócase ao neno/a enfermo/a de pé dentro do baño e, despois persignarse, lávase coa auga preparada pasándolle as mans molladas sempre de abaixo arriba e en cruz, ao mesmo tempo que se recita o seguinte ensalmo:

Bótoche a auga de Santo Domingo
pra que che saque o asombramento
do morto e do vivo
co poder de Dios e da Virxe María
un Padre Nuestro e un Ave María

Este retroso repítese nove veces á vez que se van pasando as mans molladas. A continuación retírase o neno completamente espido e vístese con roupa nova ou moi lavada, nunca coa que levaba posta ao comezar o ritual. De seguido cóase a auga por un pano de lamanisco observando o residuo: se contén pelos de gato ou de can, plumas... un animal desa especie foi o causante do asombramento. Se o mal foi contaxiado por un morto só queda sucidade.

1 *A galiña choca que pase por enriba d'a cuna onde se acocha un rapaz, deixarao apouvi-gado, e cando sea maor terá de seguro o anganido.* Xan do Cotón. *El Compostelano. Diario independiente*; febreiro de 1926.

2. O Dr. Reimóndez tamén cita outra forma de curar o asombramento, neste caso empregada no val do Ulla: a auga empregada ten que ser recollida ás doce da noite, axudando así a gardar o segredo do rito. Tómanse nove pallas e pónselles lume, pero unha delas, antes de rematar de arder, desbótase quedando oito que irán á pota en forma de cinsa. Vánselle engadindo á auga unhas gotas de cera, unha a unha ata oito, e a novena tírase fóra (Reimóndez 2001: 103).

3. As mulleres embarazadas non poden ir aos velorios nin aos enterros para non coller o aire do defunto e pasarllo ao neno/a.

4. Aire de cemiterio: segundo Lis Quibén, este aire cúrase na Estrada coa intervención dun curandeiro/a que leva o enfermo/a ao cemiterio. Antes de entrar, cómpre que se axeonllen ámbolos dous fronte á porta principal da igrexa e recen seis Nosopai, seis Avemarías, e seis Gloria Patris. Despois entran ao cemiterio, e o enfermo ponse de xeonllos mentres o curandeiro recita este ensalmo: «Que seas aire, que seas enganado, que seas de cementerio, de morto ou de vivo, que quedes confundido. Por la gracia de Dios y la Virgen María, un Padrenuestro y un Avemaría». Despois rezan as oracións ofrecidas no ensalmo, e ademais nove Nosopai, nove Avemarías e nove Gloria Patris, rematando coa sinal da cruz.

5. Oración para sacar o aire: «Airiños de todos os aires, airiños do mar e da terra, sacádelle o aire dos mortos e dádelle o aire dos vivos. Sacádelle o aire dos mortos e confortos, e dádelle o aire dos vivos e confortativos. Se o colliches pola mañá, que cho saque san Xoán. Se o colliches a mediodía, que cho saque a Nosa Señora la Virgen María. Se o colliches co sol posto, que cho saque Jesucristo co seu rostro. Se o colliches ao anoitecer, que cho saque Jesucristo co seu poder. Co poder de Dios e la Virgen María, un Padrenuestro e un Avemaría».

O Nosopai e a Avemaría hai que rezalos nove veces. E mentres se reza isto hai que facer cruces cun rosario ao neno/a enfermo/a.

6. Cando un neno/a colle a sombra dun defunto, lévase ao cemiterio ás doce da noite e dánselle tres tombos encima da tumba do defunto que se sospeita que foi o causante do mal, ou por riba de calquera tumba (como se facía en Curantes, A Estrada).



Folla da ara.

7. *Colocasia esculenta* (folla da ara, herba da ara, taro –é unha planta perenne tropical que se usa principalmente como hortaliza polo seu cormo comestible, e tamén coma verdura. As flores raramente se usan–): con esta folla facíanse remedios para cortar o aire dos nenos/as, tamén chamado «asombramento». Ás doce da noite vaise

buscar un caldeiro de auga a unha fonte que nunca secara. Hai que saír por unha porta e, á volta, entrar por outra. Métese ao neno/a dentro dun baño coa auga e coa planta, e os restos que queden na folla indicarán de que é o asombramento.

8. Un método para sacar o asombramento ou sombra: os síntomas do mal soen ser a tristura, a perda de apetito, o adelgazar considerablemente... A súa diagnose efectúase empregando unha candeia bendicida polo Xoves Santo. Tómase un prato ou similar cheo de auga, e sitúase enriba da cabeza do enfermo para ir vertendo nove gotas de cera que deben caer lentamente. Esta manobra é conveniente realizala un domingo antes de que se celebre a misa. As nove gotas de cera dentro da auga poden quedar separadas ou xuntarse formando un grupo, do que se infire que ten asombramento.

O tratamento faise a base de auga limpa procedente dunha fonte que nunca secara, recollida sen dicir ningunha palabra, a poder ser entre as doce da noite e as seis da mañá. Mentres se quenta a auga cóllense dez pallas de trigo e fáiselles un nó a cada unha. Destas dez, tírase unha por enriba do curandeiro/a. A continuación bótase man da candeia do Xoves Santo e pónselle lume a todas as pallas por un extremo. A cinsa e os restos da combustión vértense na auga xa morna, engadindo nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo. Métese á persoa enferma dentro do baño e, despois de persignarse, lávase coa auga en cuestión pasándolle as mans molladas dende o pés cara á cabeza dicindo: «Bótoche a auga de Santo Domingo para que che saque o asombramento; se é do morto e do vivo, co poder de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría». Este retrouso repítese nove veces mentres se lle pasan as mans molladas. A continuación, a persoa vístese con roupa limpa, non coa que traía antes da cerimonia. Logo colócase a auga noutro barreño cun pano de mesa ou un trapo branco de liño. Aí obsérvase o residuo que quedou.

9. Outro método para quitar o asombramento: cun caldeiro recóllese auga dunha fonte que nunca secura e ponse ao orballo da madrugada. Cóllese nove pallas de trigo, nove gotas de auga bendita, e nove gotas de cera da candea de Xoves Santo. Quéimanse as pallas todas xuntas, e déixase caer un «nada e todo» de borralla na auga. Logo métese ao neno/a no baño e bótaselle



Pallas de trigo e candea.

a auga dende os pés ata o pelo da cabeza mentres se di: «Auga de sábado, santo domingo, sácame o asombramento desta criatura, que sexa asombramento, que sexa enganado, que sexa de morto, que sexa de vivo, co poder de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría». A continuación, préndese lume con ramas de loureiro e afúmase a roupa do neno/a. Cóllese unha camisa de home, tamén afumada, e déixase que o neno/a durma un sono con ela posta. Cóase a auga nun pano branco e bótase esa auga polo camiño por onde pasa o viático.

10. Outra forma para sacar o asombramento: hai que ir buscar auga a unha fonte que nunca secura. Tamén vale auga da billa que sexa dunha mina (non de pozo) que nunca secura. A esa auga bótanselle nove gotas de cera da candea de Xoves Santo, outras nove gotas de auga bendita, e nove pallas de trigo. Outra palla, que faría a número dez, tírase pola cabeza da curandeira/o que realiza o ritual. Métese ao neno/a nesa auga, previamente amornada, e báñase dende os pés á cabeza recitando unha oración: «Auga de sábado, santo domingo, quítalle o asombramento a este meniño, que sexa de vivo, que sexa de morto, coa axuda de Deus e da Virxe María, un Padrenuestro e un Avemaría».

Despois sécase o neno/a e cóase a auga nun cueiro de tea, tipo gasa. Co resultado do que quede aí saberase se é aire de animal (pelos dun animal), de persoa (pelos de persoa), ou de morto (area ou areñas). O residuo que quede cómpre queimalo nun cacharro. Este ritual hai que levalo a cabo dous domingos máis, antes do comezo da misa. En total, tres veces. Cando se verte a auga sempre ten que ser primeiro pola cabeza e logo polos brazos e mans; a continuación de novo pola cabeza, e despois outra vez polos brazos e mans.

11. Outra forma de sacar o asombramento ou o enganido: cóllese unha pouca leña e ponse no chan. A continuación cóllense nove poliñas de loureiro bendito e outras nove de oliveira bendita, e póñense enriba da leña facendo cruces. Bótanse nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo por enriba, e préndeselle lume a todo isto. Tan pronto empeza a afumar ponse unha persoa diante da outra e, co lume de por medio e collendo ao rapaz/a no colo, pásaselle á persoa que está en fronte por encima do fume, dicindo: «Ti que dás?» / «Douche este meniño para que lle quites o asombramento e o enghenido» / «Pois eu o asombramento e o enghenido non os quero; quero a este meniño san e salvo».

Hai que repetir esta operación e este diálogo nove veces. Despois envólvese o rapaz/a nunha saba de liño durante un anaco. A continuación ponse a saba a secar ao sol encima dunha silveira, dun toxal ou duns buxos. Ao que leve un bo anaco ao sol, vaise mirar que é o que aparece na tea: se aparecen pelos de animal, o asombro é de animal; se aparecen pelos de persoa, é de persoa; e se aparecen areas é asombramento de defundo.

12. O uso do lume para sacar o enganido tamén o recolleu Lis Quibén nas terras de Forcarei: faise unha fogueira no medio da cocina da casa, con ramas de loureiro, pasando por encima desa fogueira ao neno/a enfermo, para o que se poñen aos lados opostos da mesma dúas mulleres que se chamen Marías; unha dállo á outra nove veces, por enriba do lume, dicindo estas verbas: «Loureiro que fuches nado / e non fuches plantado, / quítalle o Anganido a Fulaniño. / - María, toma o Anganido, / - Eu o Anganido non cho quero, que che quero a Fulaniño». Isto dise nove veces e en cada unha engádese: «Por la gracia de Dios y de la Virgen María, un Padre Nuestro y un Ave María» (Lis 1949: 82).

13. Outro método para sacar o asombramento: hai que ir procurar auga a unha fonte que nunca secura. Vaise por un camiño e vense por outro. Ponse a auga a quentar, e despois bótase nun baño engadíndolle a cinsa de nove pallas de trigo queimada, nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo, nove gotas de auga bendita, e nove cachifios da follá da ara. Báñase o rapaz/a dende os pés á cabeza, e despois cóase esa auga cun pano. Así é como se sabe quen lle botou o asombramento.

14. Alfredo Vicenti, na súa obra *A orillas del Ulla*, fala da curación do asombramento de defunto introducindo ao neno/a nun forno caldeado: «Si al pasar un entierro, la sombra de la manga parroquial o del ataúd envuelve a un niño de pocos años, este languidece, y morirá si no lo introducen y sacan con rapidez tres veces consecutivas en un horno plenamente caldeado» (Vicenti 1984: 49).

15. Segundo a informante, María del Carmen Campos Porto (85 anos, Lamas, A Estrada), cando había un enterro ou un velorio, a xente que viña de acudir a eles non podía entrar nas casas onde había nenos/as pequenos porque podían coller o asombramento. Antes de entrar, tiñan que facer un lume con romeu ou loureiro e pasar por enriba del para sacar o asombramento do defunto.

Se un rapaz/a collía o asombramento, sabíase porque choraba moito. Para quitarllo había que ir buscar auga a un regato e pasala por sete muiños sen falar con ninguén. Despois esa auga vertíase nunha pota e botábanselle sete mistos acesos e un anaco de romeu. Logo lavábase o rapaz/a nesa auga e coábase nunha saba. Así era como se quitaba o asombramento (testemuño recompilado por Alba Costa Castro, neta da informante).

16. Segundo outra informante, Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada), para quitar o asombramento había que empregar a folla da ara, que se daba en sitios moi fértiles e con boa terra. Había que botala nunha pota con auga temperada e borralla. Con esa auga lavaban o neno/a. Logo pasaban o neno/a por debaixo dunha artesa e collíao a persoa que estaba do outro lado. A auga na que fora lavado o neno/a era coada cun trapo de lamanisco. Se na auga aparecían pelos de can, gato, vaca ou persoa, era que o neno tiña o asombramento. Secábano ben sequiño e ía para a casa. Este ritual facíao a señora Pura.

II. Experiencias de curación desta doenza

1. A curandeira de Tomonde (Cerdedo)

O seguinte relato foi recollido por María Álvarez Fernández (en 2021), tendo como protagonista do mesmo á súa avoa, María de la Asunción Chamosa Gutiérrez (82 anos), de Forcarei. A súa expe-

riencia nárraa así: «Cando eu era pequena, sacóuseme toda a gana de comer; non comía nada, nada, nada! Sentaba nun banco pequeno onda a lareira, a carón do lume. Doíame o cu! Xa non tiña carne ningunha; só tiña ósos. E de vez en cando aniñábame onda o lume. E se se me daba por comer, non engordaba. De noite, cando durmía, tiñan que levarme un vaso de auga cun anaco de pan. Entón veu unha prima da mamá e veume tan delgadiña que lle dixo: “Mira Inés, lévaa xunto a unha señora que hai en Tomonde, que esa señora quítalle o anghenido aos nenos”. Entón, un día, a mamá levoume onda ela. A señora tiña unha mesa, e pasáronme por debaixo dela. Dun lado collíame a señora, e do outro a miña nai. E así varias veces. Eu estaba seria. Non ría nada. Estaba triste. A mamá levárame unha muda por se tiña que quitarme aquela e poñerme outra. Pero a señora díxolle que non, que non facía falta. Non sei moi ben o que me fixo, pero o conto é que eu despois xa sandei. Tan pronto como cheguei á casa, xa empecei a rir e ser normal, como era antes. E dixo o meu avó: “Ai! Que bo lle foi pasala Baiuca [así lle chamaban ao lugar de paso que había polo monte para ir a Tomonde]. Fóichelle moi bo pasar a Baiuca”. Despois xa non me volveron levar máis pan e auga á cama, e quedei sempre ben».

2. A experiencia de Isabel García Fernández co curandeiro de Roxos (Vilvestro, Santiago)

«Cando tiña 4 anos deixara de comer totalmente. O único que tomaba, que me daban feito tomar meus pais, era medio vaso de leite ao día. Así que me levaron a un montón de pediatras: de pago, a Santiago, ao meu pediatra... Uns dicíanlles que tiña mimos, outros que tiña falta de vitaminas. Pero alguén lles falou de que había en Roxos un curandeiro que se chamaba o Sr. Tomás e que facía curacións a persoas coma min que, coma quen di, estaban desafiuzadas do médico, non lles daban atopado o mal.

»Leváronme onda el unha mañá, moi cedo, porque había que agardar pola túa cita co teu corpo, de tal xeito que canto antes chegaras antes te ía atender. Arredor das 9 da mañá, máis ou menos, saíu o Sr. Tomás (era pequeniño, con boina e lentes) e mirounos a todos. Veu andando cara a min, ficou a vista, e dixo: “Esta rapaza ten que

ir á pedra”. E meus pais preguntábanse que sería iso da pedra. Nunca alí fomos. Así que tiramos tras del. Pasamos por diante de todos os que tiñan a súa cita, e chegamos a un cruce de camiños onde había unha peneda moi grande. Eu tiven que subir á peneda e meus pais colléronse das mans xunto co curandeiro. Este ía rezando diante unhas oracións, e meus pais detrás repetindo o que el ía dicindo. Cando rematou de rezar, díxolles: “Esta rapaza ten o asombramento dun morto”. Meus pais díxéronlle: “O asombramento dun morto? Imposible! Nós non a levamos a ningún velorio, nin pasou ningún enterro por diante da casa. Imposible!” E o Sr. Tomás repetiulles: “Si, si! Esta rapaza colleu o asombramento dun morto”.

»Leváronme para a casa. E veu miña avoa, que vivía en fronte, para ver que nos dixeran, e meus pais contáronlle o caso: “Imposible, porque nós non a levamos a ningún velorio nin pasou ningunha comitiva fúnebre por diante da casa nin nada. Imposible que collera a sombra dun morto”. E díxolle miña avoa a miña nai: “Ti non te acordas, María, un día na Alameda en Santiago que estabamos alí xogando cos rapaces e eu díxenche: ‘Escapa de aí cos rapaces que vén unha comitiva fúnebre’”. Entón miña nai escapou, pero vese que non escapou todo o rápido que tiña que escapar.»

3. A experiencia de Josefa Barreiro Mirás (94 anos, Oca, A Estrada), recollido pola súa neta Vanesa Gíao Taboada (I)

«Cando meu pai morreu, o meu fillo maior tiña cinco semanas e choraba día e noite. As entendidas da parroquia díxéronme que tiña o asombramento porque eu fora ao velorio do meu pai. Había unha muller, Josefa de Bahamonde, que era a encargada deste tipo de males. Mandoume facer un ritual: tiña que ir buscar auga a unha fonte que nunca secara, pero había de ser moi cedo, antes da primeira misa na catedral (xa que era onde as había máis cedo). O meu home ía ás dúas da mañá e tiña que ir por un camiño e vir por outro distinto. Nesa auga había que botar sete ou oito gotas de cera dunha candeia e unha pouca borralla peneirada. Logo coábase cunha servilleta de lamanisco (pano de tea con listas vermellas ao redor) e bañábase o neno nesa auga. Fíxeno así tres venres.

»A señora Josefa tamén me impuxo unha penitencia: debía ir ás dúas da mañá soa co meu fillo ao cemiterio e darlle tombos sobre a lápida do meu pai. Esta parte non a fixen porque me daba moito medo.»

4. Testemuño de Josefa Barreiro Mirás (94 anos, Oca, A Estrada), recollido pola súa neta Vanesa Gíao Taboada (II)

«Unha noite, a iso das dúas da mañá, viña o meu home para a casa. E no camiño saíulle unha muller. Levaba vestiduras negras e tiña un neno no colo. Tamén tiña unha navalla e unha tesoir. Cando Pepe se achegou, díxolle: “Home que vés de fortuna / céibame esta criatura”. O neno tiña un cordel amarrado ás dúas pernas e a nai pedíalle a el que o cortase. E Pepe así o fixo. Despois soubemos que o neno, pese a ter o tempo, non andaba.»

5. A experiencia de Carmen Inés Rodríguez Rodríguez (69 anos, Moreira, A Estrada)

«Cando era pequena, estaba seguido chorando e sempre enferma. Falárono un día cunha veciña, e esta díxolle que a rapaza tiña o asombramento dun morto, pero que non se preocupara que llo sacaba ela. Carmen descoñece os requisitos que había que facer. Só sabe que tiñan que bañala en auga. O caso foi que esa auga estaba chea de pelos brancos e negros. A nai nunca creu que Carmen tivera o asombramento, porque dicía que eses pelos os trouxera a veciña no peto, xa que eran iguais aos da cabeza de ela.»

6. A experiencia dunha persoa que preferiu permanecer no anonimato (Berres, A Estrada)

«Cando o meu fillo era bebé non durmía de noite; choraba toda a noite. E de día durmía e estaba tranquilo. Unha veciña díxolle á miña nai que o rapaz tiña o asombramento, por mor de que eu fora a enterros estando embarazada, ou que me asustara ao ver un animal. Se eu lle deixaba, facíalle o ritual para sacalo. Eu díxenlle que si. Veu a señora. Trouxo con ela unhas pallas de trigo, unha candeia que creo que era de Xoves Santo, e tivemos que ir buscar auga a unha

fonte que nunca secara. Non se podía falar con ninguén, e había que ir por un sitio e vir por outro, xa que, para volver, non se podía pisar polo camiño polo que ías. Á noite colleu o rapaz e bañouno nesa auga, que tiña nove gotas de cera e a cinsa de queimar as pallas. Botáballe a auga pola cabeza e pasáballe as mans de arriba para abaixo rezando unha oración que eu agora non recordo. Ao rematar, colleu un pano branco e coou a auga, saíndo pelos negros e brancos como se foran de gato. Seica eu me asustei dun animal estando embarazada. O trapo tivemos que tiralo ao lixo. O que sei é que o neno durmiu de noite dende ese día.»

7. A experiencia doutra persoa que tamén preferiu permanecer no anonimato (Curantes, A Estrada)

«Fomos quitarlle o asombramento a unha persoa que había en Taibeirós. Mandáranos coller auga dun río onde houbera sete muíños. Collías a auga e tiñas que levarlla nunha bañeira. Ela metía o rapaz nesa auga. A carón tiña un montonciño de pallas de trigo. Ía dicindo unhas palabras, das que eu non me acordo, ao mesmo tempo que bañaba ao rapaz e lle daba coas pallas de trigo. Despois queimábanse e deixábanse caer na auga.

»Antes de facer todo isto, metía o rapaz na auga e miraba se tiña o asombramento da seguinte maneira: collía nun prato desa auga poñéndollo encima da cabeza e botando nove gotas de cera da candeia de Xoves Santo. Se o neno tiña o asombramento, era cando empezaba o ritual. O asombramento sabíase se o tiña se as nove gotas de cera se xuntaban. Se quedaban espalladas era sinal de que non o tiña.

»Ao rematar co ritual había que tirar no río a auga empregada, indo por un lado e volvendo por outro; non se podía volver polo mesmo sitio que se fora.

»Por certo, á candeia e ás pallas había que lles prender lume con mistos. Non valía con chisqueiro.»

8. Testemuño de Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada) sobre unha irmá súa que tivo o asombramento

«Eramos cinco irmáns. A do medio estaba moi mal: miudiña, delgada, pero corría como unha bicicleta. Tiña tres anos, pero era coma se tivera ano e medio. Levárona a todos os médicos, fixéronlle os remedios todos das entendidas de por alí arredor... A miña irmá tiña un pelo louro largo precioso. E unha das entendidas díxolle a meus pais: “Cortádelle o pelo á nena, que mentres non llo cortes non medra”. Cortáronllo, pero nada. A nena, conforme tomaba alimento, xa o botaba fóra. Viña outro veciño e dicíalle: “Eu teño unha vaca que non dá un leite tan forte. Levádeo e dádello”. Pero á nena non lle prestaba nada. Outro veciño díxolle: “Esta rapaza ten o asombramento dun morto”. A nós morréranos unha avoa na casa cando a miña irmá ía facer os tres anos. E díxonos que había que levala ao cemiterio e darlle uns tombos sobre a sepultura. Outro veciño díxonos que o mellor remedio para isto era levar unha camiña da nena ao altar do cura e que, sen sabelo, misara sobre ela. Tiña que ser unha camiña fina para que non se notara moito no altar e o cura non se dera conta dela. Así que falaron co sancristán para que colocara a camisa estendida no altar debaixo do mantel. Despois do ritual, colleron a camisa e puxéronlla á nena. E eu non sei se foi diso, pero a nena fixo unha moza guapísima e foi a máis forte de todas nós. A partir desa cuestión prestáronlle os leites todos e medrou moito.»

9. Testemuño de Otilia Oubel Collazo (82 anos, Riobó, A Estrada) sobre unha curación na ponte vella do Ulla entre A Estrada e Vedra

«Este era un matrimonio que xa levaba tempo casado, e tiveran varios fillos. Creo que seis. Pero o único que lle foi arriba foi o último. Cada un dicíalle súa cousa: un fai isto, outro fai aquilo... Pero un díxolles de levar o neno a unha ponte un día de noite. Tiñan que telo cos pés ao aire e atadiños cunha cinta. A nai teríao no colo, e o pai unha tesoirá na man. Tiña que ser despois das doce da noite e non podía haber palabras. Á primeira persoa que pasara pola ponte, o pai tiña que ensinalle a tesoirá. Se o que pasaba non lle facía

caso e seguía de largo, non valía. Había que esperar pola seguinte persoa ata que aparecera unha que entendera do asunto, xa que non había palabras. Entón chegou unha persoa que sabía o que facer e cortoulle a cinta ao neno. Eles non puideron darlle as gracias nin despedirse. Colleron a tesoiira e viñéronse para a casa. A cinta ou a deixaron alí ou a recolleron. Non o sei. Pero o que si sei é que ese neno foi adiante. Coñecino eu. Era un rapaz listo e sano.»

10. Testemuño de María Luz Cabo Gorís (63 anos, Paradela, A Estrada)

«Unha rapaza de aquí naceu con pelos negros largos no lombo. E súa avoa deu en dicir que tiña *enxurramento* [pode ser un termo que se refire ao enganado: enganirse, debilitarse, tullirse]. Choraba moitísimo e tiñan que tela amarrada pola cintura para que estarricara. Había que buscar a auga de cinco fontes sen falar con ninguén. Collíase



Fonte a carón da igrexa de Paradela.

unha botella en cada fonte. En Paradela hai catro: unha na Aldea Grande, outra en Ribeiradona, outra onda a igrexa, e outra na De-coita, donde son eu. Falta unha, pero por Riobó haberá algunha. Despois hai que quentar esa auga con follas da ara. E con esa auga lavar a persoa ou a criatura. O día vale calquera.»

III. Lugares de curación do enganido na comarca de Deza



Capela do san Brais coa súa fonte milagreira.

O San Brais de Chapa

Avogoso para as enfermidades da gorxa, este santo aparece rexistrado na microtoponimia desta zona da parroquia de Chapa. Nomes coma o Monte de San Blas, o Regato de San Brais, e a Fonte de San Brais (nomeadamente, a Virxe da Fonte). As tradicións orais asociadas a este santuario remiten orixinariamente a unha fonte na que se realizaban unhas importantes prácticas menciñais de raíces moi antigas encubertas polo culto cristián. A capela do San Brais,

sita a carón desa fonte, din que foi construída porque un ermitán milagrosamente atopou unha Virxe de pedra dentro da fonte (de

aí o topónimo Virxe da Fonte). A crenza de que a auga desa fonte tiña propiedades terapéuticas estivo moi estendida pola comarca. No caso de que un meniño/a tivese o enganido ou asombramento, é dicir, se non medraba nin engordaba, se choraba, se tiña lombri-gas..., os seus pais ofrecían a santa. Este ritual consistía en levar o rapaz/a á fonte un domingo antes da misa e lavallo nela; logo tirábase a camisa con que se bañara polo regato abaixo (localizado ao pé da fonte), e levábase o cativo/a ata a santa para que a tocara.

A Encrucillada de Andamollo (Manduas)

Na parroquia trasdezá de Manduas, o microtopónimo A Encrucillada fai referencia a un cruce de camiños onde se realizaba un rito para curar os nenos/as do enganido cando os remedios caseiros non funcionaban. Se nunha casa había un neno/a enfermo/a, unha per-



Panel informativo e acceso á Fonte dos Meniños.

Fonte dos Meniños.

soa distinta da nai e do pai levaba o rapaz/a ao cruce e atáballe unha cinta nas pernas. Alí esperaban ata que pasaran das doce para pedir-lle ao primeiro home que pasara que lle cortara a cinta cunha tesoiira que levaban da casa, e dicíanlle: «Homiño de boa fortuna, quítalle o enganido a esta criatura». Despois regresaban á casa por un camiño distinto do que foran. O ritual repetíase nove días ata que sandara o neno/a (información facilitada por María Teresa Tato Otero, de San Tirso de Manduas, e recollida por Mateo Fernández Casal).

A Fonte dos Meniños de Argozón

Propiamente o topónimo «Fonte dos Meniños» non se atopa nos límites da Comarca de Deza, xa que se localiza no monte común da zona oeste da parroquia de San Vicente de Argozón (Chantada) que, coa serra do Faro como límite xeográfico, linda coas terras de Camba. Esta localización non foi obstáculo algún para que os veciños de Rodeiro puideran acudir a esta fonte para curarse do enganido. De feito, a tradición a el asociada foi recollida en Santiago de Fafián, parroquia cambota na que naceron e/ou residen os nosos informadores. A esta fonte, á que os máis vellos lle asociaban poderes curativos, levaban os nenos e nenas para curarse do anghanadío ou enganido. Para poder curarse había que pasar á criatura por debaixo dunha pedra que, situada horizontalmente sobre o regueiro do manancial, facía de ponte. Dúas mulleres, colocadas a cada lado do arco da ponte, pasábanse entre si o neno/a nove veces repetindo en cada unha delas o seguinte responso dialogado: «María!» / «Que?» /

«Toma este enganadiño. Se é pa Dios, Dios o leve. Se é po mundo, Dios o salve».

Unha vez rematado o ritual deixaban unha candeia acesa: «se se apagaba, morría a criatura; se se mantiña acesa, vivía». Tamén se deixaban cartos na fonte e as roupas que levaban postas os rapaces e rapazas no momento do rito (ritual curativo contado por Xosé López Gallego, que nos anos 50 do século XX foi testemuña do rito descrito). A esta versión, outro dos consultados engadiulle que dito ritual había que realizalo pola noite, e que ademais había que fender á metade (de arriba abaixo) un carballizo ou unha xesta e pasar á criatura pola fenda.

O San Tomé e a Fonte do Piollo de Parada (Silleda)

Un texto elaborado polo arqueólogo Israel Picón (da empresa A Citania) para a Ruta da Auga de Parada (PR-G 124; 2019), recolle a seguinte información sobre a curación do *anghenido* e o asombro nesta parroquia trasdezá:

«A Fonte do Piollo, no lugar de Carreira, é, sen lugar a dúbidas, a fonte que máis patrimonio inmaterial atesoura de todo Parada. Estamos, segundo a crenza, ante unha verdadeira fonte curativa e milagreira, especialmente indicada para o tratamento de doenzas infantís como o *anghenido* ou o asombro. Tamén se di que antigamente o enterrador, despois de dar sepultura á xente, viña lavar as sachas a esta fonte. O rito de curación do *anghenido* tiña lugar en dúas fases e en dous sitios diferentes de Parada: a Fonte do Piollo e a igrexa parroquial. Primeiramente levábase o neno/a doente a pasar baixo a imaxe do San Tomé, facendo un rito de circunvalación ao redor do retablo maior do templo. Despois cumpría achegar o neno ata a Fonte do Piollo onde era lavado nas súas augas esconxuradoras. O rito sandador consistía en coller auga desta fonte milagreira e botarlla por riba ao neno/a de súpeto e sen que este se decatase do que ía acontecer. Noutra variante do rito dise que a auga había que botarlla cando o cativo/a se atopa na cama durmindo, co que o susto aínda sería maior e, xa que logo, o poder esconxurador da auga e do rito tamén. Finalizado este, o cativo/a era vestido con roupas limpas.»



Fonte do Piollo.



San Tomé de Parada.



Oco debaixo do altar da igrexa de Parada polo que se pasaba ao neno/a con enganido.

Un relato similar cóntao a señora Nieves López Presas, da aldea de Redemuíños, nunha gravación realizada por María Lamazares Ta-boada para o grupo de Mitoloxía de Trasdeza do programa EDUexcelencia do IES Pintor Colmeiro (2021-22): «En Parada había unha tradición: aos nenos que tiñan moito medo, pasábanos por debaixo de San Tomé para que lles pasara o medo e o *anganido* ou *asombro*. Tras pasalos por debaixo do santo, ían á Fonte do Piollo, e alí lavábanos ben. A roupa coa que ían vestidos, queimábana para logo poñerlle unha roupa limpa».

IV. Síntese final do recompilado

1. Denominacións do mal

Aire, aire de cemiterio, aire de defunto, asombramento, asombramento dun morto, asombro, enganido (anganido, anghenido), enxurramento, sombra de defunto e tangaraño.

2. Sintomatoloxía

Falta de humor, perda de apetito, adelgazamento, tristura, doenza de ósos, choros, estar sempre enfermo, pelos negros largos no lombo, pernas tortas ou cruzadas, lombrigas, e debilidade.

3. Fontes de contaxio

Aire de animais, aire das mulleres durante a menstruación (especialmente os seus bicos), e aire dun morto (defunto).

4. Profilaxe

- Tras acudir a un velorio, afumarse antes de chegar á casa ou antes de estar en contacto cun neno/a pequeno/a.
- As mulleres embarazadas teñen que evitar ir aos enterros e velorios

5. Proceder e obxectos empregados na diagnose e curación do mal

En relación co LUME:

- Uso de nove gotas de cera dunha candeia bendicida polo día da Candeloria ou Xoves Santo.
- Uso de nove pallas de trigo (nalgún caso dez) e a súa cinsa despois de ser queimadas.
- Facer lume con loureiro e romeu e afumar a roupa do neno/a.

- Queimar nove ramas de oliveira ou loureiro bendito para afumar a unha persoa enferma.
- Meter o neno/a tres veces consecutivas nun forno caldeado.
- Botar sete mistos acesos na auga.
- Queimar a roupa coa que os nenos/as ían vestidos para o rito e logo deste poñerlle unhas roupas limpas.

En relación coa AUGA:

- Usar auga dunha fonte que nunca se cara.
- Lavar o neno/a na auga.
- Coar a auga cun pano branco ou de lamanisco para ver que residuos quedan tralo lavado, e así inferir a causa do asombro.
- A auga empregada ten que ser recollida ás doce da noite.
- Uso da herba da ara (*Colocasia esculenta*) fervida na auga que se empregue para o baño.
- Emprego dun prato con auga colocado sobre a cabeza do doente.
- Uso de nove gotas de auga bendicida.
- Buscar a auga para o ritual en sete muíños sen falar con ningún.
- Coller a auga para o ritual en cinco fontes.
- Lavar o neno/a enfermo nunha fonte.
- Tirar por un regato a camisa que tiña posta o neno/a para o ritual.

En relación coa RELIXIÓN:

- Rezos: seis ou nove Nosopai, seis ou nove Avemarías, e seis ou nove Gloria Patris.
- Recitado de ensalmos.
- Acudir a un cemiterio para dar tombos (tres) sobre a sepultura do defunto causante do asombro.
- Facer cruces cun rosario sobre o neno/a enfermo/a.
- Facer o ritual antes da misa do domingo.
- Facer o ritual antes da primeira misa do día na catedral.
- Que o cura, sen sabelo, mise sobre a camisa do doente posta entre o altar e o mantel.
- Pasar o neno/a por debaixo dun santo (San Tomé).

Ademais...

- Non trabar conversa con ninguén ao ir pola auga á fonte ou coa persoa que cortara a cinta ou o cordel dos pés do doente.
- Diálogos de paso do enfermo/a dunha persoa a outra.
- Pasar nove veces ao neno/a por riba do fume, por debaixo dunha artesa, dunha mesa, dunha pedra, ou pola fenda dunha xesta ou dun carballizo.
- Usar unha saba de liño na que envolver ao neno/a e logo poñela a secar.
- Cando se vai á auga ou a un cruce de camiños, cómpre ir por un lado e vir polo outro (non desandar o andado).
- Ir a un cruce de camiños ou a unha ponte para sacar o asombramento.
- Uso dunha navalla ou dunha tesoiras para cortar a cinta/cordel co que están amarrados os pés do enfermo/a.

Como se pode observar, entre os medios empregados para o ritual de curación existen uns *físicos* (auga, lume, distintas plantas, tesoiras...), e outros non físicos ou *sobrenaturais* (ensalmos e oracións basicamente), previo acercamento a un curandeiro/a, un menciñeiro/a, ou a calquera persoa especializada na práctica da curación da doenza.

O uso da auga ten unha importancia crucial no ritual. Pode ser bendita, ou dunha fonte que nunca secaa, ou auga normal pero que sexa limpa. A súa importancia garda relación non só co poder purificador que ten segundo a tradición xudeo-cristiá (de aí o feito de lavar o neno/a), senón tamén co ser canle (regatos e ríos) a través da que desfacerse do mal tirando nela as vestimentas dos nenos/as que traían postas antes do ritual, e que virían infectadas do asombramento.

Outros elementos materiais indispensables son as plantas de ara, romeu, oliveira, loureiro e palla de trigo, e a cinsa que algunhas producen tras ser queimadas e vertidas na auga coa que é bañado o neno/a.

Tamén xogan un papel importante as tesoiras, navallas e coitelos para cortar a cinta (cordel) coa que tería atados os pés o doente. Esa acción de cortar vai cargada de simbolismo: tamén é cortar co mal que ten aprisionado o neno/a.

O uso do lume purificador aparece na candeia empregada para xerar nove gotas de cera coas que diagnosticar o asombramento, e na fogueira que se fai nalgún caso para afumar o doente ou as súas roupas, ou para simplemente pasalo dun lado a outro por encima do seu fume, tal como se fai cando se pasa por debaixo dunha pedra, dunha mesa ou dunha artesa.

En canto aos medios sobrenaturais, destacan os ensalmos (coa invocación a Deus, a Xesuscrito, a Virxe María e a algúns santos e santas), e as oracións (especialmente o Nosopai, a Avemaría e o Gloria Patris). E se o ritual se pode facer nun santuario avogoso para tal fin, mellor que mellor.

O número de veces que hai que repetir estes ensalmos e oracións, así coma o de gotas de cera e de auga bendita que hai que verter na auga, o de pallas de trigo que hai que queimar, o de fontes das que hai que coller auga, o de muíños polos que hai que pasar, o de veces que hai que repetir o ritual, ou o de días nos que o hai que realizar, tamén teñen o seu significado con grandes connotacións bíblicas. Brevemente só indicar que o tres fai referencia á perfección divina (Santísima Trindade); o cinco ás cinco chagas de Cristo na cruz; o sete, representaría a totalidade (sete sacramentos, sete obras de misericordia corporais e espirituais...); e o nove, tres veces tres, sería a perfección da perfección, a consumación e a realización do ben que se procura.

Bibliografía

- CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1985): *Aires da Miña Terra e outros poemas*. Vigo: Editorial Galaxia, S.A., 144.
- GARCÍA PORRAL, Xoán Carlos (2006): «A 'Fonte dos Meniños'. Experiencias e tradición», *Lucensia* 33, 363-372.
- GARCÍA PORRAL, Xoán Carlos (2022): «A curación do enganido (tangaraño ou asombramento) nas terras de Deza», *FARO DE VIGO - Edición Deza / Tabeiros-Montes* (13 de febreiro).
- LIS QUIBÉN, Victor (1949): *La medicina popular en Galicia*. Pontevedra: Gráficas Torres.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1985): *La medicina popular interpretada, I*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- QUINTÍA PEREIRA, Rafael (2017): «Vade retro». *Ritualística protectora, obxectos curativos e uso de amuletos na cultura popular galega*. Valga: Concello de Valga.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (2001): «Medicina popular en terras de Tabeirós», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4, 87-108.

VICENTI, Alfredo (1984): «A orillas del Ulla (perfiles gallegos)», en Alfredo Vicenti, Prudencio Rovira e Nicolás Tenorio; *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Edición, estudos preliminares y notas de José Antonio Durán. Madrid: Instituto de Estudos Agrarios, Pesqueros y Alimentarios.

Recursos web

DdD = Santamarina, Antón (coord.): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.php> [consulta en febreiro-marzo 2022].

Galiciana: El Compostelano: diario independente: Ano VII Número 1764 - 1926 febreiro 5; http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_ocr.do [consulta en febreiro de 2022]

Galiciana: Boletín oficial del Centro Gallego: Ano XII Número 173 - 1918 xaneiro 15; http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/resultados_ocr.do [consulta en febreiro de 2022]